

CULTURA DE BARRIO



PLAN DE APOIO
A ASOCIACIÓNS E COLECTIVOS
INFORMAIS DE CARÁCTER
CULTURAL
CULTURA DE BARRIO



Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

CORUÑA
CULTURA

coruna.gal



Un dos instrumentos máis importantes para garantir unha cidadanía crítica e implicada na súa contorna constitúeno as asociacións, neste caso, culturais.

A participación e creación colectiva de políticas públicas no eido do asociacionismo para a contribución da divulgación dos valores socioculturais da nosa cidade son, sen dúbida, unha das metas do actual equipo da Área de Culturas que, xunto á descentralización do seu programa cultural, ten a potenciación do desenvolvemento das actividades culturais no seu conxunto, como fin ineludible para alcanzar.

Co obxecto de optimizar os recursos dispoñibles, axudar á planificación dos diferentes axentes implicados, así como a desenvolver programas específicos ligados ao mundo do espectáculo e da cultura que poidan dinamizar a oferta da cidade neste eido, realízase a seguinte convocatoria de ideas e proxectos culturais para asociacións culturais.

A | OBXECTO E FINALIDADE DA CONVOCATORIA.

1. É obxecto do presente texto a convocatoria pública a asociacións e colectivos informais de carácter cultural constituídos legalmente (no primeiro dos supostos) e radicados na cidade da Coruña, para a recepción de proxectos culturais, co fin de deseñar de xeito colectivo as actividades que conformarán o programa do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (en diante IMCE), denominado Cultura de barrio no ano 2017.
2. Entenderase como proxecto cultural toda iniciativa ou proposta de actividade, relacionada coa exhibición, creación ou difusión cultural en calquera ámbito artístico, non sendo obxecto da presente convocatoria proxectos que incidan no campo da acción social.
3. Non serán incluídos proxectos destinados unicamente a socios/as da propia asociación, nin actividades que non teñan un carácter aberto ao público xeral. As actividades deberán ser de carácter gratuíto.

4. O fin primordial da presente convocatoria é ofertar, de xeito coordinado co tecido asociativo da cidade, iniciativas e accións culturais que axuden á descentralización da súa oferta cultural, polo que será requisito imprescindible para a súa inclusión no presente plan que se trate de accións culturais que apoien o desenvolvemento comunitario dos seus diferentes barrios.
5. Os proxectos para incluír no programa denominado Cultura de barrio terán que ser realizados en espazos accesibles e públicos, e terán que ser obrigatoriamente difundidos (en calquera soporte dirixido á poboación en xeral que sexa empregado) nunha das dúas linguas oficiais, sendo preferente o galego. Do mesmo xeito, deberán garantir un uso non sexista da linguaxe e da imaxe. O seu incumprimento dará lugar á exclusión do proxecto ou actividade do programa.

B | ENTIDADES PARTICIPANTES

1. Serán incluídos proxectos ou actividades de asociacións culturais sen ánimo de lucro que teñan o seu domicilio na cidade da Coruña e estean rexistradas no REMAC (Rexistro Municipal de Asociacións da Coruña), na data de finalización do prazo de presentación de proxectos.
2. De igual xeito, poderán ser incluídos na presente convocatoria, aínda que de xeito secundario, colectivos de carácter informal pero de traxectoria contrastada e estable no tempo, e que poidan demostrar unha actividade regular no eido da cultura.
3. O ámbito de actuación das asociacións e colectivos participantes e dos proxectos presentados será o termo municipal da Coruña e o marco temporal o ano 2017.

C | DOCUMENTACIÓN PARA PRESENTAR A ASOCIACIÓN OU COLECTIVO

A asociación deberá presentar a proposta no rexistro oficial do IMCE (Avda. da Mariña, 18), e debera presentar xunto con:

1. Estatutos polos que se rexe a asociación e CIF (fotocopia compulsada).
2. Certificación acreditativa dos cargos representativos e do domicilio social.
3. Fotocopia compulsada do CIF da persoa representante legal da entidade.
4. Proxecto que inclúa, polo menos, os seguintes apartados:
 - Denominación.
 - Fundamentación.
 - Obxectivos do proxecto, tanto xerais como específicos.
 - Accións que se van desenvolver.
 - Persoas destinatarias.
 - Temporalización.
 - Localización física das accións.
 - Recursos: humanos, materiais e económicos.
 - Orzamento estimado e debidamente detallado.
 - Criterios de avaliación.
 - Memoria final (que haberá que presentar nun prazo máximo dun mes desde a finalización do proxecto).

No caso dos colectivos informais, será necesario presentar:

1. Memoria explicativa que mostre a traxectoria de actividades do colectivo.

2. Proxecto que inclúa, polo menos, os seguintes apartados:

- Denominación.
- Fundamentación.
- Obxectivos do proxecto, tanto xerais como específicos.
- Accións que se van desenvolver.
- Persoas destinatarias.
- Temporalización.
- Localización física das accións.
- Recursos: humanos, materiais e económicos.
- Orzamento estimado e debidamente detallado.
- Criterios de avaliación.
- Memoria final (que haberá que presentar nun prazo máximo dun mes desde a finalización do proxecto).

D | PROCEDEMENTO DA INCLUSIÓN DOS PROXECTOS NO PROGRAMA.

1. A inclusión dos proxectos obxecto desta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva.

2. A decisión sobre as iniciativas, actividades ou proxectos para incluír no programa denominado Cultura de barrio realizarase mediante a comparación das solicitudes presentadas, co fin de establecer unha prelación entre elas, de acordo cos criterios sinalados no apartado denominado “Criterios de valoración”, serán incluídos os proxectos que obtiveran a puntuación mínima requirida sen pasar, en ningún caso, do importe da dotación orzamentaria fixada nas bases específicas da convocatoria.

3. Os proxectos presentados serán avaliados por unha mesa nomeada polo concelleiro delegado de Culturas, Deportes e Coñecemento, e composta por:

- Concelleiro de Culturas ou persoa en quen delegue (Con voz pero sen voto)
- Un funcionario municipal vinculado á Área de Culturas que exercerá de Secretario.
- 3 representantes do tecido asociativo cultural da cidade.
- 2 representantes de institucións culturais da cidade.

E | PRAZO DE PRESENTACIÓN DOS PROXECTOS

1. O prazo de presentación dos proxectos ou actividades será do día **17 de xaneiro ao 14 de febreiro de 2017**.

F | PRAZO DE RESOLUCIÓN

O prazo de resolución das solicitudes será de dúas semanas a partir da finalización do período de presentación de ideas ou proxectos.

G | RECURSOS ECONÓMICOS

1. Os proxectos incluídos na presente convocatoria serán imputados ao crédito orzamentario da aplicación orzamentaria 334/227.94 do orzamento do exercicio 2017 do Instituto Municipal Coruña Espectáculos (IMCE), cunha dotación máxima de 100.000 euros.
2. A contía máxima para achegar a cada proxecto será de 8.000 euros (impostos incluídos) que se aboarán unha vez que sexa acreditada a realización e finalización do proxecto e tras a presentación das correspondentes facturas.

H | CRITERIOS DE VALORACIÓN

Os criterios de valoración, de cara a avaliar os proxectos para incluír no programa Cultura de barrio, serán os seguintes:

1. Valoración da entidade _ **15 puntos**:

- Capacidade para desenvolver o proxecto e viabilidade técnica do mesmo.
- Estrutura participativa e equitativa, participación e número de persoas asociadas.
- Traxectoria da entidade.

2. Metodoloxía e desenvolvemento do proxecto _ **15 puntos**.

- Fundamentación, obxectivos, metodoloxía para empregar na realización do proxecto e avaliación da proposta.

3. Calidade e interese do proxecto desde o punto de vista cultural _ **30 puntos**.

- Importancia cultural do proxecto.
- Persoas beneficiarias do proxecto: colectivo ao que vai dirixido de xeito principal.
- Comunicación interna e externa.
- Inclusión doutras entidades no proxecto.

4. Viabilidade económica do proxecto _ **10 puntos**.

- Eficacia na designación de recursos económicos, humanos e materiais.

5. Orixinalidade e/ou innovación do proxecto _ **10 puntos**.

6. Emprego do galego no desenvolvemento do programa _ **10 puntos**.

7. Desenvolvemento de accións que promovan a igualdade de xénero _ **5 puntos**.

8. Desenvolvemento de accións que promovan a tolerancia e o recoñecemento da pluralidade cultural da nosa cidade _ **5 puntos**.

Serán seleccionados aqueles proxectos que, en aplicación dos anteriores criterios, obteñan polo menos 50 puntos sobre os 100 posibles. Cada asociación unicamente poderá presentar un único proxecto, en caso contrario será excluída do procedemento.

I | OBRIGAS DA ENTIDADE

1. Acreditar ante o IMCE a realización da actividade, así como o cumprimento dos requisitos e das condicións que determinen a inclusión dela no programa denominado Cultura de barrio.

2. Realizar toda a publicidade das actividades nunha das dúas linguas oficiais, preferentemente en galego.

3. Facer mención expresa da colaboración do IMCE en todo soporte de comunicación empregado.

4. Comunicar por escrito calquera modificación que se pretenda efectuar no proxecto, que deberá ser autorizada polo IMCE.